

# Bloque

## Barro

Nº 14 # 2º etapa # Marzo de 2011



impresso postal sen enderezo

Xosé Manuel Fernández Abrales, candidato do BNG á alcaldía de Barro

## “É hora de políticas eficaces, que xeren emprego e reactiven a economía local. É hora de apoiar ao BNG”

Se lle preguntásemos ás nosas veciñas e veciños sobre os froitos dos 30 anos de gobernos ininterrompidos do PP en Barro unha grande maioría non sabería que responder, porque non é fácil destacar actuacións que repercutisen nunha mellora da calidade de vida do noso pobo ou nun dinamismo económico e social apreciable.

Barro precisa dun alcalde que traballe, que sexa amábel coa xente, de bo carácter, que abra as portas da Casa do Concello e dea solucións aos problemas que se lle acheguen. Un alcalde que prevea as necesidades do concello e sexa capaz de solucionar os problemas.

### É hora de rachar co modelo caduco e esgotado do PP e apostar por un concello aberto e eficaz

Os anos de goberno do PP deron como froito que o noso concello careza dos servizos básicos de auga e saneamento en todas as parroquias, que teñan menos equipamentos públicos que outros concellos do arredor, e que a maioría das infraestruturas que posee (centro médico, colexio, campo de fútbol) están nunha situación deplorábel que claman por un arranxo inmediato.

O BNG quere cambiar esta situación, quere liderar un goberno distinto, que atenda a todos os veciños e veciñas por igual, que enfrente os problemas e lles busque solucións, que

sexa capaz de reactivar a economía local e poñer freo ao desemprego.

Queremos un alcalde dialogante e firme, que crea nas posibilidades de Barro e teña o empuje, a ilusión e a capacidade necesarias para facer realidade os proxectos.

Un goberno que promova o desenvolvemento económico e cultural do noso concello e apoie aos colectivos sociais nas súas iniciativas. Un goberno do pobo, para o pobo e co pobo.

O BNG quere o voso respaldo a un proxecto ilusionante, comprometido na transformación de Barro, na creación de emprego e no benestar dos seus habitantes.



Xosé Manuel Fernández Abrales

Tempo de  
compromiso  
con Galiza,  
con Barro



## Presentación da candidatura

**Sábado 2 de abril ás 21 h. na biblioteca municipal**

Intervirán: **Montserrat Prado**, Secretaria de Organización do BNG e **Xosé Manuel Fernández Abrales**, candidato á alcaldía de Barro

Xosé Manuel Fernández Abraldes, candidato do BNG á alcaldía de Barro

## “Coñecemos os problemas e plantexamos solucións viábeis para que Barro avance e mellore económica e socialmente”

### **Con que obxectivo te presentas a estas eleccións?**

Co obxectivo de colocar a Barro no século XXI creando emprego e reactivando a economía local. Mais tamén para dotar de servizos, crear equipamentos e dar calidade de vida. E para logralo contamos cun equipo sólido, de persoas capaces e co proxecto transformador que o noso pobo necesita.

### **Como valoras a situación actual de Barro?**

De estancamento. Concellos cunha ubicación similar á de Barro medraron considerabelmente nos últimos anos, mentres o noso concello aínda non chegou á poboación que tiña hai trinta anos. E nestes 28 anos só gobernou en Barro o Partido Popular.

### **A que pensas que se debe que Barro non medrase como era de esperar?**

Os gobernos sucesivos do PP careceron de visión de futuro e de falla de planificación. O PP está completamente esgotado, segue a gobernar como hai 28 anos, cando o mundo e as necesidades dos veciños e veciñas, cambiaron moito.

### **Que fará o BNG para mudar esta situación?**

Adicación, atención, planificación, diálogo, son conceptos ignorados polo PP. Iremos mudar a situación con políticas ac-



Abraldes con Toño Giraldez, candidato do BNG por Curro

tivas e intelixentes. As veciñas e veciños non poden sufrir políticas chapuceiras e rotineiras. Como no caso do Santo Antoniño onde o PP deseñou o núcleo urbano pegado á estrada nacional sen ter en conta como se resolverían os problemas de tráfico cos cruces que hoxe son realmente perigosos.

Ou deseñar un polígono industrial sen ter previsto o subministro de auga.

### **Como ves os servizos básicos en Barro?**

Os veciños e veciñas das parroquias non teñen a día de hoxe saneamento nin traída municipal, dous servizos que son fundamentais para garantir a mellora da calidade de vida. O BNG comprométese a darlle prioridade a estes servizos e que cheguen a todo o concello.

### **E os equipamentos públicos?**

Presentan un aspecto lamentábel.

O colexio precisa unha reforma integral, que xestionaremos desde o goberno local diante da Xunta. Mentres tanto iremos mantelo en condicións.

O campo de fútbol municipal non ten herba sintética e as instalacións precisan unha completa renovación.

O centro de saúde tamén está nun estado deplorable e precisa adecentarse e mellorar a súa accesibilidade.

E Barro non conta cun auditorio onde

realizar actividades culturais cun mínimo de comodidade. Case 30 anos de goberno deberían dar para moito; no caso de Barro, co PP na alcaldía, dou para ben pouco.

### **En que situación económica está o Concello de Barro?**

A situación económica é grave debido á mala xestión dos gobernos do PP.

Hai dous casos que a resumen moi ben. Un, que a empresa que organiza a feira dos domingos débelle ao concello 48.000 euros, e non se fai nada para cobralos. E outro que o Concello tivo que pagar dous proxectos diferentes para a escola infantil, porque o primeiro non llo aceptou o propio goberno do PP na Xunta e costounos miles de euros a todos os veciños e veciñas de Barro.

Iremos corrixir esta falta de xestión económica para poder dispoñer de recursos e investir nas necesidades da xente de Barro.

### **Como van ser as relacións do novo alcalde coas outras administracións?**

De cooperación e de firmeza para lograr o investimento que o noso concello precisa. Hai que acabar coa submisión que ten o actual alcalde coas administracións gobernadas polo PP e coa falla de diálogo coas que non son da súa corda, porque este tipo de política non resolve nada.

**Non se pode xustificar as carencias do noso concello pola crise. En 28 anos de goberno do PP houbo varias crises e tamén periodos de bonanza económica que outros concellos souberon aproveitar, e o noso non.**

**Tampouco se pode botar a culpa aos catro anos de goberno bipartito, xa que durante 24 anos gobernaron na Xunta o PP de Fraga e Feijóo.**

Para contar cun paso de peóns e un semáforo no Santo Antoniño houbo que acudir á presión social liderada pola ANPA, e cando se celebrou a reunión cos responsábeis de Fomento o alcalde a abandona, e ten que ser o BNG quen continúe até conquistar o acordo de pintar o paso de peóns.

Tivo que ser tamén o BNG quen tomase a iniciativa para esixirle á Xunta que puxera solucións aos problemas das obras de Curro, mentres o alcalde mantiña unha actitude submisa, calada. Unha actitude que se repetiu cando apoiou unha Lei de Augas que vai supoñer unha brutal subida de impostos para todos os veciños e veciñas de Barro.

### ***Que solucións se poden dar desde o Concello ao problema do paro?***

O goberno municipal que queremos liderar despois de maio vai adicar todos os esforzos a facer que o noso concello medre, contribuíndo a crear emprego e a reactivar a economía local.

Un aspecto fundamental para a creación de emprego é dispoñer de solo industrial, onde se poidan asentar novas empresas.

O BNG vén reclamando desde hai moitos anos solo industrial. A realidade é que o polígono de Sequeiros foi anulado polos tribunais por unha nefasta tramitación do PP, e o polígono de Curro está baleiro porque non ten servizos, nin saneamento, nin enerxía eléctrica, nin auga garantizada durante todo o ano.

### ***Como avalías o traballo que realizou o BNG nos últimos anos?***

O BNG ten demostrado capacidade de traballo, iniciativa e rigor á hora de anali-



zar os problemas e propoñer solucións. Se hoxe hai dous médicos de cabeceira é grazas ao traballo do BNG, a pesar da oposición do PP.

Ademais mantivemos sempre informados a veciños e veciñas sobre o trazado do AVE por Porrás ou as reformas na PO-531, elaborando as respectivas alegacións.

Informamos tamén sobre a nova Lei de Augas coa que a Xunta do PP nos quere cobrar polos nosos pozos e traídas veciñais, e recolleemos sinaturas para a súa derogación.

Pero ademais de informar dos temas que lle afectan ao concello e aos veciños e veciñas, o BNG presentou iniciativas para que se retome a reforma

paralizada da estrada de Perdecanaí, presentou alternativas para aumentar a seguridade vial no San Antoniño e elaborou unha serie de propostas para Barosa que, na súa maioría, foron recollidas pola Xunta de Galiza para o novo proxecto do parque.

E poderíamos seguir con moitos outros exemplos. Non hai un só problema que afecte aos veciños e veciñas de Barro que non teñamos atendido.

O BNG é unha garantía porque informa e elabora alternativas para mellorar os proxectos que se fan no noso concello.

O noso traballo é o noso mellor aval. Barro precisa a enerxía, vitalidade e proxecto de cambio que só o BNG lle pode aportar.



Abraldes cos concelleiros Roberto Rivas e María Xesús Castro

**O BNG considera que ademais de instalar nel empresa mal ubicadas, o polígono debería servir para instalar novas empresas que creen postos de traballo.**

**Por iso non se entende que cando o BNG propuxo o noso polígono para instalar a fábrica de baterías de mitsubishi, dirixentes do PP se apresuraran a decartalo aducindo que había “problemas técnicos”.**

# A Contracapa

O BNG rexistra no Parlamento 14.000 sinaturas para que o Goberno Galego derroque o canon que grava o consumo da auga

## A presión social contra a Lei de Augas dá os seus primeiros froitos

O clamor social contra a Lei de Augas deu os seus primeiros froitos e o Goberno galego comeza a recuar. O Bloque Nacionalista Galego, en sintonía coa inmensa maioría da sociedade, desenvolveu unha intensa campaña contra a Lei e recolleu preto de 14.000 sinaturas en demanda da derogación do canon que grava o consumo da auga. As sinaturas entregounas unha delegación do BNG encabezada polo seu portavoz nacional, Guillermo Vázquez, no Parlamento Galego. A formación nacionalista continuará a súa campaña até a definitiva derogación da lei.

A batalla contra esta Lei xa comezou a dar os seus primeiros froitos, de tal xeito que o conselleiro de Medio Ambiente, Agustín Hernández, dixo no Parlamento que mentres el estea no cargo ninguén terá que pagar o canon. É evidente que o Goberno do PP acusa a presión política do BNG e do movemento social contra a Lei de Augas. Pero non chega con este anuncio-trampa, feito ademais en vésperas eleitorais. O canon ten que ser retirado. Hai un clamor social e a Xunta ten que escoitar a xente.

**A batalla continuará até conseguir a derogación do canon da auga por ser un imposto irracional e inxusto**



O Bloque Nacionalista Galego desenvolveu unha intensa campaña social de oposición ao canon que grava o consumo da auga que consistiu en múltiples encontros con veciños e veciñas para dar a coñecer os trazos básicos da lei.

Fixéronse ao longo e ancho de Galiza arredor de 200 encontros informativos nos que tomaron parte unhas 8.000 persoas. A altísima participación nestes actos pon de manifesto a enorme sensibilidade social ante unha lei que é percibida como arbitraria e inxusta.

### A recollida de sinaturas continúa

O BNG vai continuar a traballar até que a lei sexa derogada e vaino facer, coma sempre, na rúa, e nas institucións, continuando

coa súa campaña de charlas e recollida de sinaturas e propondo a derogación da lei no Parlamento.

Unha delegación nacionalista, composta por candidatos e candidatas, concelleiros, concelleiras, membros da Executiva, a deputada Isabel Sánchez e encabezada polo portavoz nacional, Guillermo Vázquez, acudiu en datas pasadas ao Parlamento de Galiza para rexistrar as preto de 14.000 sinaturas que o BNG levaba recollidas en demanda da derogación da Lei de Augas. Trátase da primeira das batallas dunha loita que vai prolongarse até que se consiga o obxectivo de acabar cunha norma que pretende cobrar aos usuarios pola auga dos seus pozos ou traídas veciñas en lugares en que non existe subministro público.

**Como contactar co BNG Barro:**  
Teléf. 620262802  
bngbarro@gmail.com

**Como contactar co BNG Nacional:**  
Sede Nacional. Avenida Rodríguez de Viguri. 16 baixo.  
15703 Santiago de Compostela. 981 555 850  
www.bng-galiza.org  
nacional@bng-galiza.org

